

**SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL ONCE.**

No Concello de Láncara, sendo as vinte horas trinta minutos do día vinte e seis de abril de dous mil once, reúnen-se no Salón de Sesiões o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Álvarez Rodríguez, D. Andrés Manuel Caballero López, D. Carlos Fernández Díaz, D. José Manuel García Aldegunde, D. Dario A. Piñeiro López, D. Celestino Rodríguez González, D. Arturo Sobrado Castro e D. Carlos Santiago López Sierra.

Xustifica a súa ausencia o Concelleiro D. Ricardo Núñez Valcárcel.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario en D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia, dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE.**

**2º.-DECRETOS Nº 28 O 801.**

**3º.-SORTEO MEMBROS DE MESAS ELECCIONS MUNICIPAIS 22 DE MAIO DE 2011.**

**4º.-DAR CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE:**

**-ORDE DO 7 DE MARZO DE 2011 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS AXUDAS PARA O SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA.-**

**-CONCELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. ORDE DO 3 DE MARZO DE 2011 POLA QUE SE REGULAN AS BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO 2011.**

**5º.-CONTA DA XESTIÓN RECAUDATORIA ANO 2010 (DEPUTACIÓN PROVINCIAL).**

**6º.-ESCRITO DO VALEDOR DO POBO SOBRE DENUNCIA FORMULADA POR D. JUAN RODRÍGUEZ LÓPEZ.**

**7°.-ESCRITO DE GERARDO SOBRADO VENTOSINOS SOBRE INFORME DO ENTRONQUE DE AUGA DE D. LUIS FRANCO RODRÍGUEZ, EJERCICIO 2005.**

**8°.-EXPEDIENTE DE DENUNCIA DE DON MANUEL TREBOLLE DIAZ.**

**9°.-ADIF, CONTRATO ARRENDAMIENTO PARCELA DE TERRENO. EXPTE. 328-2011-0062.**

**10°.-ESCRITO D. BRUNO PIROSCIA PENADO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PRAIAS DE VALDRIZ, SOBRE RECEPCIÓN SERVIZOS.**

**11°.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

**12°.-INFORME DO DIRECTOR DA OBRA D. ARTURO SILVOSA PÉREZ, SOBRE “CAPTACIÓN BOMBEO Y DEPOSITO PARA EL ABASTECIMIENTO DE AGUA A MOURILLÓN E TOUVILLE”.**

**13°.-ORDENANZAS:**

**-ORDENANZA REGULADORA DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PARA O EJERCICIO DE ACTIVIDADES NON SOMETIDAS A AVALIACIÓN DA INCIDENCIA AMBIENTAL.**

**-ORDENANZA FISCAL REGULAORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ADMINSTRATIVAS DE INSPECCIÓN, CONTROL E VERIFICACIÓN DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON APERTURA EN RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA.**

**14°.-CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL , DESDOBRAMENTO DO CORREDOR NADELA-SARRIA.**

**15°.-RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL.**

**16°.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**1°.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE.**

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e dous de febreiro de dous mil once, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

**2º.-DECRETOS Nº 28 O 801.**

Visto que na orden do día existe un erro involuntario que donde di decreto 801 debe decir 81.

Vistos os decretos Nº 28 o 81

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Darse por enterado do contido dos mesmos.

**3º.-SORTEO MEMBROS DE MESAS ELECCIONS MUNICIPAIS 22 DE MAIO DE 2011.**

Sorteados os membros de mesas a través do programa de ordenador facilitado por Wurth, saíndo eleixidos os 54 membros das 6 mesas electorais, a razón de 9 por mesa, Presidente e dous vocais titulares, máis dous suplentes por cada posto.

O Pleno por unanimidade dos asistentes,

ACORDOU:

1º.-Ratificar o resultado do sorteo realizado ó consideralo totalmente axustado a dereito.

2º.-Remitir á Xunta Electoral de Zona a relación de membros das mesas.

3º.-Notificar os nomeamento antes do 30 de abril.

**4º.-DAR CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE:**

**-ORDE DO 7 DE MARZO DE 2011 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS AXUDAS PARA O SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA.-**

Vista a orden epigrafiada.

Visto que a Comisión de Goberno ten delegadas as competencias do Pleno

O pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Ratificar o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 15 de abril de 2011, sobre o asunto epigrafiado.

**-CONCELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. ORDE DO 3 DE MARZO DE 2011 POLA QUE SE REGULAN AS BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS**

**CORPORACIÓNS LOCAIS, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO 2011.**

Vista a orden epigrafiada.

Visto que a Comisión de Goberno ten delegadas as competencias do Pleno

O pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Ratificar o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 15 de abril de 2011, sobre o asuntos epigrafiado.

**5º.-CONTA DA XESTIÓN RECAUDATORIA ANO 2010 (DEPUTACIÓN PROVINCIAL).**

Recibida a conta de Xestión Recaudatoria ano 2010, confeccionada pola Excmá Deputación Provincial, notase de falta que nas bixas non se sabe a causa da baixa.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-En relación as baixas considerar que a único responsable das mesmas e o Servizo Provincial de Recadación, xa que se descoñece cales son as causas.

2º.- O pleno dase por enterado da remisión da conta.

**6º.-ESCRITO DO VALEDOR DO POBO SOBRE DENUNCIA FORMULADA POR D. JUAN RODRÍGUEZ LÓPEZ.**

Visto o expediente epigrafiado.

Vista a contestación feita polo Sr. Alcalde.

Visto que hai autorización para cortar as ramas

Visto que un camiño público si se transita habitualmente por el con tractores e gando, non se pode encher de maleza.

Visto que o tractor do Concello coa desbrozadora non entra en dito camiño, ademais de non ser viable a limpeza de camiños desta natureza, xa que o deben manter os veciños que transitan polos memos.

Visto que por parte do Valedor do Pobo xa comunicou que o expediente se declarou concluso e se dispón o seu arquivo.

Visto que o camiño xa foi limpo un ano.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Ratificar o escrito remitido polo Sr. Alcalde en todo o seu contido.

2º.-Considerar totalmente correcta a actuación do Valedor do Pobo.

3º.-Notificar este acordo a D. Juan Rodríguez López e a D. Juan A. Gómez Rodríguez.

**7º.-ESCRITO DE GERARDO SOBRADO VENTOSINOS SOBRE INFORME DO ENTRONQUE DE AUGA DE D. LUIS FRANCO RODRÍGUEZ, EJERCICIO 2005.**

Visto o escrito epigrafiado.

Visto o informe feito polo encargado da contabilidade no ano 2005 D. Gerardo Sobrado Ventosinos, no sentido de que se trata dun erro material o deixalo pendente de ingreso na contabilidade do exercicio do ano 2005, xa que dita tasa estaba ingresada en dito ano.

Visto o xustificante de ingreso, de data 01-09-2005.

E visto que se trata dunha duplicidade.

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

Dar de baixa o entronque de auga de D. Luis Franco Rodríguez, correspondente ó exercicio 2005.

**8º.-EXPEDIENTE DE DENUNCIA DE DON MANUEL TREBOLLE DIAZ.**

Visto o expediente epigrafiado.

Visto o acordo tomado pola Comisión de Goberno en sesión celebrada o día 27-03-03.

Visto o acordo tomado polo Pleno en sesión celebrada o 09-10-2007.

Visto o escrito de alegacións presentado por D<sup>a</sup>. Concepción López Alvarez.

Vista a factura N<sup>o</sup> 13 de “Jesús y Páramo S.L.”, de data 18-04-2008, apartado Obra Toubille.

Aberto o debate por parte do Sr. Alcalde ponse de manifesto que por parte do anterior Alcalde incumpliuse o acordo tomado polo Pleno deste Concello, xa que se acordara darlle os tubos e que a obra a fixera a interesada.

Por parte do anterior Alcalde D. Dario A. Piñeiro López, manifesta que os materiais empregados nesa obra estan totalmente xustificadas, ó ser empregados nun camiño público e ter potestade o Sr. Alcalde pola cuantía do gasto para facelo, ademáis a factura e o gasto foron aprobados no seu día, preguntandolle ó Interventor si a factura é correcta, costando no expediente a conformidade do denunciante coa colocación dos tubos.

O Interventor resposta que a factura é totalmente correcta, ademáis está co conforme do Sr. Alcalde.

Replicandolle por parte do Sr. Alcalde que non se cumpliu o acordo do Pleno e os acordos están para cumprirse, polo que el non vai apoiar esta xestión, e si se deriva algunha responsabilidade o responsable será unicamente o Alcalde que tomou a decisión de facer a obra sin estar acordado e non a o resto da Corporación.

Tomando a palabra o Concelleiro José Manuel Álvarez Rodríguez quen manifesta que el remítese ó acordo que tomou o Pleno e que este non se cumpriu, e preguntalle ó Secretario si os acordos se deben cumprir ou non.

Contestando o Sr. Secretario que os acordos que se toman se deben cumprir e que o que procede agora e contestar a demanda, estando claro que a obra si se fixo con

licencia e que o formigonado da parte pública así como a colocación dos tubos a fixo o Concello, sendo o responsable desta parte da obra, se hai algunha responsabilidade.

Por parte do Concelleiro D. Carlos S. López Sierra manifesta que se debería ir sobre terreo para ver a situación e falar co denunciante, para ver cal é o problema.

Por parte do Concelleiro D. Manuel Neira Castro manifesta que debe quedar claro que ninguén ten nada en contra nin dun nin doutro, pero a denuncia esta ehí e hai que darlle unha solución.

Sometido o asunto a votación por parte dos catro Concelleiros do P.P. manifestan que eles remitesen solo e exclusivamente ó acordo tomado no Pleno de 09-10-2007, punto 5º da orde do día.

Polo Concelleiro Carlos S. López Sierra propón que se vaia falar co denunciante.

Os Concelleiros D. Carlos Fernández Díaz, e D. Arturo Sobrado Castro absteñense

O tres Concelleiros do P.S.G. P.S.E, estan dacardo coa obra realizada na parte que afecta ó camiño público, poñendo de manifesto o Sr. Dario A. Piñeiro López, Alcalde nesta época ,que conste en Acta que os Concelleiros que se absteñen aprobaron a factura e o gasto no seu día ó ser compoñentes da Xunta de Goberno Local.

Manifestando Carlos Fernández Díaz que el se debe abster por ser familiar dunha das partes interesadas.

En relación a emenda presentada por D. Dario A. Piñeiro López o Sr. Alcalde manifesta que queda pendiente para tratala no seu momento, incluso nunha Xunta de Goberno, xa que de facer o camiño había que facelo todo, ver a posibilidade de meter esta obra nunha obra comunitaria.

#### **9º.-ADIF, CONTRATO ARRENDAMIENTO PARCELA DE TERRENO. EXPTE. 328-2011-0062.**

Visto o contrato de arrendamento (praza do nogal) remitido por ADIF .

Vista a cláusula III .

Visto que do propio contrato se deduce a obriga de incoar expediente de expropiación para a adquisición definitiva da finca arrendada .

Visto que no expediente de expropiación debe figurar con exactitude a superficie real na actualidade da parcela obxceto de expropiación, para o que é necesario un levantamento topográfico para facer o deslinde real da parcela a expropiar.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación as cláusulas do contrato.

2º.-Incoar expediente de expropiación para adquisición definitiva da finca arrendada .

3º.-Realizar un levantamento topográfico da parcela, para constatalo coa parcela obxeto de arrendamento e expropiación.

4º.-Remitir certificación deste acordo, xunto co contrato asignado a ADIF.

5º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**10°.-ESCRITO D. BRUNO PIROSCIA PENADO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PRAIAS DE VALDRIZ, SOBRE RECEPCIÓN SERVIZOS.**

Lido integramente o escrito polo Sr. Secretario.

Visto que os servizos xurídicos da Deputación non emitiron o informe solicitado ó respecto da cesión de viarios e terreos comunais, así como sobre unha posible tercería.

Visto que a urbanización esta habitada habitualmente por máis do 50% das vivendas existentes.

Visto que na actualidade estan dados de alta no servizo de auga potable 46 abonados.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1°.-Que o Concello corra cos gastos de luz pública, luz de bombeo de depuradoras e mantemento zonas públicas.

2°.-Facer os trámites oportunos para que os recibos correspondentes ó servizo de alumeadado público, bombeo de augas residuas, se cargen na conta do Concello.

3°.-Reiterar novamente o informe ós Servizos Xurídicos da Excma Deputación de Lugo.

4°.-Dar traslado deste acordo ó Presidente da Asociación Praias de Valdriz.

**11°.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

Visto o convenio epigrafiado.

Visto que o portelo único e un servizo gratuito para os veciños, así como para a correspondencia do Concello coas Consellerías.

O Pleno, por unanimidade

ACORDOU:

Prestar aprobación o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da comunidade autónoma de Galicia.

**12°.-INFORME DO DIRECTOR DA OBRA D. ARTURO SILVOSA PÉREZ, SOBRE “CAPTACIÓN BOMBEO Y DEPOSITO PARA EL ABASTECIMIENTO DE AGUA A MOURILLÓN E TOUVILLE”.**

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que por parte do equipo de goberno xa se tiveron diversas reunións.

Visto que o servizo de abastecemento de augas de Toubille e Mourillón é necesario e urxente.

Visto que o Concello xa fixo as obras para doptar de servizo de enerxía eléctrica para bombear a auga.

Visto o escrito remitido polo Sr. Alcalde a Excma Deputación Provincial de data 21-02-2011.

O Pleno por unanimidade,  
ACORDOU:

1º.-Ratificar o escrito da Alcaldía de data 21-02-2011

2º.-Esixir á Excma. Deputación de Lugo para que este servizo se poña en funcionamento o antes posible e que tódalas deficiencias sexan subsanadas pola empresa, ó ser a responsable do mantemento de tódolos elementos da obra.

### **13º.-ORDENANZAS:**

**-ORDENANZA REGULADORA DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES NON SOMETIDAS A AVALIACIÓN DA INCIDENCIA AMBIENTAL.**

**-ORDENANZA FISCAL REGULAORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ADMINSTRATIVAS DE INSPECCIÓN, CONTROL E VERIFICACIÓN DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON APERTURA EN RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA.**

Vistos os borradores das dúas ordenanzas tipo.

Visto que ambas dúas ordenanzas son necesarias

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

Prestar aprobación inicial os borradores de ditas ordenanzas e expoñelas ó público no B.O.P., polo período de 30 días, para a presentación de reclamación e suxerencias.

### **14º.-CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, DESDOBRAMENTO DO CORREDOR NADELA-SARRIA.**

Vista a comunicación da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, sobre solicitude de información en relación a decisión de avaliación de impacto ambiental. Proxecto desdoblamento do corredor Nadela-Sarria.

Visto que o trazado do desdoblamento do corredor non discorre polo Término Municipal de Lánara.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que inda que non pasa polo Concello de Lánara, debemos esixir que nos fagan un acceso en condicións, dende Pobra de San Xiao ata o enlace co corredor pola estrada do Páramo.

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

1º.-Comunicarlle a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestrutura, que as obras que se fagan deben de ter en conta as poboacións próximas o trazado como é Pobra de San Xiao, capitalidade do Concello, para evitar que sufra impactos ambientais, sobre todo ruído.

2º.-Que o acceso dende Pobra de San Xiao pola estrada que vai o Páramo, nunha lonxitude aproximada de tres quilómetros debe ser ensanchado para que toda a poboación de Lánara e da capitalidade de Pobra de San Xiao poda acceder o corredor



de maneira comoda, adecuada e sen perigo de sufrir accidentes polas curvas que ten o trazado.

### **15°.-RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL.**

Vista a relación de facturas correspondente ó exercicio 2010, pendentes de pago:

Manuel A. Bande Rodríguez, CIF: 33860818-B, fac. Nº 1264, de data 30-11-10  
Proxector Video-Datos MITSUBISHI SE-2U.....1.059,64

Por parte do Sr. Secretario manifesta que debería de haber un responsable deste proxector, xa que as cousas son para usar pero deben estar controladas.

Por parte do Concellerío D. Andres Caballero López, manifesta que a responsable do proxector e María Jesús.

Polo Concelleiro D. Carlos Fernández Díaz pon de manifesto que no borrador da última sesión que se acaba de aprobar hai un informe do Secretario neste senso.

O Secretario manifesta que si e que a él se remite.

Preguntando ó Concellerío D. Carlos Fernández Díaz si se respeta a Lei de pagar no prazo de 60 días.

Manifestando o Sr. Secretario que si que unicamente non se paga a un proveedor e que todos saben por que.

O Pleno por unanimidade,

### **ACORDOU:**

1°.-Prestar aprobación ó recoñecemento extrajudicial de crédito nº 2/2011, por importe de 1.059,64 €, con cargo ó presuposto do exercicio 2011.

2°.-Pagar estes gastos de forma preferente con cargo ó presuposto do exercicio 2011.

3°.-Comunicarlles as empresas suministradoras que deben facturar mensualmente e que os albarans deben ser orixinais e numerados.

### **16°.-ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGOS:**

Por parte do Cocelleiro D. Arturo Sobrado Castro **roga** que se deberían facer xestións sobre a posibilidade de que os cans abandonados dentro do Término Municipal que os viñeran a recoller, ó igual que noutros Concellos limítrofes.

O Sr. Alcalde manifesta que se farán as xestións e se pedirá presuposto.

Roga que a porta de entrada o cemiterio municipal, así como as portas que ahí nos edificios no interior se pechen, xa que estan todas abertas e calquera pode facer un destrozo.

O Sr. Alcalde resposta que xa se faran as xestións para pechalo.

Roga igualmente que na próxima celebración da “Comida da terceira idade” se lles debe facer unha homenaxe a dúas persoas, en concreto ó último Alcalde do período anterior a democracia D. José Fontela Aldegunde e o primeiro da democracia D. José Sangil Fernández, ó ser uns alcaldes que fixeron moito por este Concello.

### **PREGUNTAS:**

Polo Concelleiro D. Carlos S. López Sierra **pregunta** ¿Por qué non alumea a luz que hai detras dos mobles?

O Sr. Alcalde resposta que a empresa que o puxo non deixou preparado para que alume.

¿Por qué a área recreativa de Lán cara está sin sinalizar, hai un sinal arrincado nas proximidades da casa de Benjamín?.

O Sr. Alcalde respostalle que se mirará.

¿Cómo está o proxecto do edificio de Carracedo?.

O Sr. Alcalde respostalle que lle pregunte ó Director do Obradoiro, porque xa o ten redactado.

Polo Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, pon de manifesto que vai facer varias preguntas en base as notas saídas na prensa :”limpezas marxen ríos” **pregunta**

¿Que fixo o Concello de Lán cara na limpeza dos ríos?

Respostalle o Sr. Alcalde solicitou a limpeza a Confederación tal como se acordou no Pleno.

Vial Pobra-Lán cara ¿ Como están as expropiacións?

Respostalle o Sr. Alcalde que o invitou a vir o día da presentación do proxecto e vostede non se dignou a asistir.

¿Qué ten feito sobre o parque eólico singular?.

O Sr. Alcalde manifestalle que é un tema da Xunta.

¿Dónde está o punto de atención a infancia?.

Respostalle o Sr. Alcalde que xa está preparado practicamente o local.

Preguntando de novo ¿En que local?.

Na planta baixa do Antigo Centro Médico.

¿Dónde está a aprobación do Plan Xeral e como está?

Polo Sr. Alcalde respostalle que está pendente unicamente para que o informe Urbanismo do informe da Confederación e cada día piden unha cousa nova, no último escrito solicitaron o estudio do cauce de tódolos rios e arrosios do Término Municipal que si hai que facer este traballo non hai con que pagalo e levará anos facelo, e segundo o redactor foi o único Concello que se lle pide esta documentación, que ten solicitada unha entrevista coa directora de Urbanismo e que si esto non se resolve nun breve prazo de tempo e sigo gobernando, dexarei sin efecto o Plan Xeral, ó considerar que se trata dun asunto ou persecución política.

Respostandolle D. Dario Piñeiro López que cando se levou o requerimento ó Pleno habíase arquivado o expediente por non levar a documentación dentro de prazo.

Contestaselle polo Sr. Alcalde que xa se levou documentación a Ourense por dous veces e agora solicita o que o Concello non pode facer, non sabe quen pode estar detrás desto, pero algo hai.

O Concelleiro Carlos Fernández Díaz **pregunta** ¿si a máquina de pintar os pasos de peons pinchou, xa que hai pasos de peóns sin pintar , cando o acordo do último Pleno era recibir a Rúa Benigno Quiroga si se pintaban tódolos pasos de peóns?.

O Sr. Alcalde responstalles que non pintaron máis, pero que a rúa está sin recibir.

E non habendo máis asuntos que tratar dase por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as vinte e dous horas corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.